

PERSONAXES SECUNDARIAS COAS QUE CALQUERA QUERERÍA CASAR.

Rafael Fernández Lorenzo

Ismael Ramos, nado na Picota (Mazaricos, 1994), é poeta e profesor de Lingua Castelá e Literatura. Laureado en numerosas ocasións, en boa parte grazas ao seu peculiar estilo, denominado xa por algúns “poesía de tránsito”, que ten como características principais a incerteza, o desencanto, a indecisión e a precariedade xeneralizada, que acaba impregnando absolutamente todo, a vida persoal, familiar e social. Foi galardoado



recentemente co Premio Nacional de Poesía ‘Miguel Hernández’ pola súa obra *Lixeiro* (Xerais, 2021). Ismael Ramos fai a súa primeira incursión no eido narrativo co libro de relatos que nos ocupa, titulado *A parte fácil*, no que transitan dun lugar a outro, por vereas tortas e estreitas, mudanzas necesarias, preocupacións partilladas coas persoas amadas, doenzas mentais, quefaceres cotiáns e situacións vulnerables nas vidas e relacións de amigos e familiares que semellan non ter solución algunha. *A parte fácil* é como unha casa, un espazo con diferentes habitacións, baño, cociña e comedor. Unha morada tan grande e real como efémera e provisional. É unha residencia amoblada de palabras. Podes non gustar do seu decorado ou sentirte incómodo no recibidor,

pero non deixas de estar atrapado, pois nos seus adentros hai moitos misterios que calquera quixera resolver. Esta pequena casa tan ben alicerzada posúe unha atmosfera envolvente que te atrapa. Se entras, axiña ficas engaiolado. Ismael fai maxia coas palabras. Embébete na lectura. Enrólate nun soño onde as persoas corren ao longo da vida metidas en cunchas de metal coloreado, tecendo historias coas que calquera se identifica nada máis comezar, e cando chegas a cada final, sorpréndete cun desenlace inesperado, cruzando como un raposo pola estrada. A súa escrita apoia-se na habilidosa descrición de elementos visuais e memorísticos cos que crea un efecto retroactivo ou “feedback” coidadosamente vertebrado arredor do relato principal. A potencialidade destas imaxes narrativas enriquecen a proposta e tórnase nun elemento que motiva ao lector, establecendo ademais, as bases que garanten un equilibrio xusto entre ámbalas dúas partes implicadas. *A parte fácil*, de Ismael Ramos, está directamente conectado ao sistema de valores enraizados na nosa sociedade, pero o autor transgride e infrinxe todas e cada unha delas, situándose fóra do rixido código moral, inculcando a idea de que as sociedades deben mudar e que todos temos parte de responsabilidade á hora de promover ese cambio. “Nunca dubidamos de que existe a oportunidade de cambiar as cousas: correr cunha flor nas mans dunha punta á outra desta praia” (Ramos, 2021, p.18).